

# 50 ANIVERSARIO DA FOLGA DE 1972 EN VIGO 1972-2022



*unión comarcal de Vigo*



## 50 ANIVERSARIO DA FOLGA DE 1972 EN VIGO 1972-2022

A **Unión Comarcal de CCOO** de Vigo imos organizar un **programa de reivindicación**, difusión e posta en valor da **folga de 1972 en Vigo**, no 50 aniversario destes acontecementos, o maior éxito histórico da clase obreira galega e de oposición á ditadura franquista.

Durante as dúas semanas que durou, sumáronse a ela **quinze mil traballadores e traballadoras** nunha mobilización sen precedentes en Galicia, acadándose a solidariedade de todo o conxunto do movemento obreiro de Vigo, destacando a industria principal da comarca: Vulcano, Reyman, Barreras, Citroën..., as empresas sumáronse ao paro que acabou confluindo na gran manifestación que percorreu a cidade. Houbo máis de seis mil despedimentos, moitas detencións, violencia policial e represión durante as mobilizacións.

Este **programa** de aniversario ten como obxectivo **dar voz ás persoas protagonistas naquelas xornadas** así como o recoñecemento institucional e social a aqueles feitos. E, en especial, pretende **chegar ás xeracións máis novas para que coñezan a orixe da actual democracia**: a loita pola conquista dos dereitos laborais e sociais que son os alicerces da sociedade democrática.

O aniversario ten un importante compoñente divulgativo, co emprego de medios audiovisuais, gravacións, redes sociais, medios de comunicación, colaboración con institucións. **Os actos estarán organizados por CCOO** pero buscando a participación das institucións públicas e privadas representativas e, por suposto, abertos á sociedade.

### PROGRAMA ACTOS POLO 50 ANIVERSARIO DA FOLGA XERAL DE 1972

- **Presentación** en conferencia de prensa do programa 50 aniversario folga do 72.
- Edición dun **cartel conmemorativo do 50 aniversario** a cargo de Carlos Núñez
- **Premios 1.º de Maio** ao compromiso social e a solidariedade, da UC CCOO Vigo, estarán vinculados ao 50 aniversario.
- Espazos en **RRSS** coa referencia «Folga xeral, Vigo 1972»,
- Os actos principais do programa desenvolveranse no mes de **setembro de 2022**
- **Concurso de relatos** sobre a folga do 72 en Vigo, aberto á participación literaria e reivindicativa da memoria individual e colectiva.
- **Concurso de carteis** sobre a folga do 72 en Vigo, como expresión artística do aniversario.
- Publicación dun **libro con relatos e carteis presentados** aos anteditos concursos coa temática da folga do 72, con prólogo institucional e epílogo sindical.
- **Xornada de homenaxe** ás mulleres que sustentaron a folga, para reivindicar o seu .
- **Presentación do libro de Marcelino Camacho**, *Apuntes sobre el movimiento obrero*.
- **Vídeo interxeracional “Vigo 1972-2022”** con empresas, personas traballadoras, mundo da cultura, protagonistas directos e representantes de institucións e entidades actuais.
- Exposición itinerante de carteis e imaxes polo 50 Aniversario.
- Proxección do documental sobre a folga do 72 en Vigo nos eidos local, autonómico e estatal.
- Dinámica no ensino. Actividades pedagóxicas en centros de ensino.
- **Acto final**. Xornada e encontro e proxección do vídeo **“Vigo 1972-2022”** en Sede Afundación.